

Crónica

Dez anos de *Madrygal*

“A lembranza con nosoutros sexa” nos dez anos de *Madrygal*¹

Ana ACUÑA

NÓS ERAMOS OS DA SÉTIMA², os da 7.^a planta do Edificio B da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid.

Corenta anos despois da Xeración da Noite, a Xeración da Sétima agrupou aos madrigalegos, atopou mestres gratuítos³ e un medio de expresión.

Non protagonizamos as Festas Minervais (aínda que, para Borobó, eramos as musas noviñas), pero quixemos xuntar a investigación e a creación, en galego, dos nosos alumnos nunha revista. Beizón a Carmen Mejía por substituír a nosa idea das fotocopias grampadas por un formato máis duradeiro!

Queda claro que tampouco eramos a mocidade intelectual dos anos 46 en diante, pero iamos escoitar os galegos a calquera punto de encontro como Manuel María ou Uxío Novoneyra ían á redacción de *La Noche*. Apropriadonos das palabras de Xosé Luís Franco Grande a propósito de Borobó:

Eramos rapaces, pero [*Madrygal*] abríunos a posibilidade de empezar a ser escritores, ou, mellor fose dicir, a manifestarnos como tales. Moitos coma min entrabamos e saíamos da redacción [da 7.^a] sentíndonos na nosa propia casa.

Sentiámonos na propia casa na 7.^a e en tantos espazos de sociabilidade que *Madrygal* foi creando. En efecto, esta revista de estudos galegos reuniu na escrita, e sobre todo fisicamente, aos que carreamos “o peso do mundo ó lombo polas rúas de Madrid, cazados coma coellos nos corredores da gran urbe, sós, espallados” (Fermín Bouza Álvarez), pero

— “xuntos mozos e mozas, vellos e vellas mirando á Terra da Verba primixenia” no Edificio A da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense durante a presentación do n.º 1 de *Madrygal*, abraiaídos cando Manuel Rivas nos descubriu a Borobó entre o público da II Semana das Letras Galegas, alá polo ano 98. A partir de entón Borobó e Sabino Torres foron os nosos “históricos” visitantes e recitadores.

— “xuntos mozos e mozas, vellos e vellas mirando á Terra” dende a Casa de Galicia, con Xosé Ramón Pena poñéndolle voz ao n.º 2 de *Madrygal* en 1999. Antes asistíramos a unha disertación de Miro Villar e a un recital dos alumnos de galego (da Complutense e da Escola Oficial de Idiomas).

— “xuntos mozos e mozas, vellos e vellas” vivindo Galicia en Madrid grazas a Sargadelos de Isaac Díaz Pardo que nos permitiu mostrar o n.º 3 de *Madrygal* ao carón do libro homenaxe a Inés Canosa, *muller de doce sal*. Alí estivemos os da Sétima a canda o Grupo Bilbao co cal mantivemos “a temperatura ambiente, a cultura galega en Madrid” (Vicente Araguas). E a Sargadelos, “aldea adoptiva, acollidora e universal” (Manuel Pereira), volvemos co 4.º e co 5.º número de *Madrygal*, ao lado de Miguel Louzao, en 2001.

¹ Reproducimos, ao comezo do título, un verso da autoría de Antonio Noriega Varela.

² Denominación empregada por Juan M. Ribera durante a presentación de varios títulos da colección O Roibén.

³ Mestres gratuítos foron todos os madrigalegos que coñecemos e os que non coñecemos pero sempre están (Ben-Cho-Shey, Celso Emilio Ferreiro, Reimundo Patiño, Lois Pereiro...), os que fomos descubrindo co tempo (Alexandre Finisterre, Xosé Fariña Jamardo, Mariví Villaverde...), os compañeiros da –daquela– Titulación de Filoloxía Románica (especialmente Carme Mejía, M^a Victoria Navas, Juan M. Ribera, Juan José Ortega, Jana Popeanga, María José Postigo), o profesor D. Xesús Alonso Montero, os alumnos de galego da Universidade Complutense entre os anos 1996-2001 (canta ilusión e axuda!) e os profesores lectores de lingua e literatura galegas que me precederon (Xesús Cociña) e sucederon (Miguel Louzao e Roberto Pascual) compartindo os traballos e os días de Madrid.

— “xuntos mozos e mozas, vellos e vellas mirando á Terra” dende o Centro Galego, dende a Asociación de mulleres galegas no exterior Rosalía de Castro, dende o Ateneo... ata a casa do recordado D. Alonso Zamora Vicente.

Xuntos, en definitiva, coa esperanza de que “non lle poñades chatas á obra mentres non se remata” (Castelao), pero agardando por vós “coma quen mira un facho aceso nas noites do mar maior” (Fermín Bouza Álvarez).